

***ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE O SANTUARIO DO SANTO
ECCEHOMO DE CADOALLA (BECERREÁ, LUGO) A FINAIS DO
SÉCULO XX.***

Publicado no Boletín do Museo Provincial de Lugo, nº 8, 1997-98.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

1. INTRODUCCIÓN.

O recinto sagrado de Cadoalla funciona como igrexa parroquial durante todo o ano para os lugares de Cadoalla, Carballín, Castelo, e Saá. Tamén funciona como santuario, os días catorce e quince de setembro, festividade do Eccehomo, aínda que calquera domingo do ano veñen devotos doutras comunidades a oír misa.

Neste segundo caso o santuario é un lugar de culto, simbolizado por unha igrexa parroquial -noutras ocasións pode ser unha ermida ou capela- á que acoden devotos pertencentes a distintas comunidades coa finalidade de pregar perante a imaxe sagrada a súa intercesión ante determinadas peticións ou levar a cabo unha serie de promesas á devandita imaxe, logo de concederlles as peticións solicitadas. *"Los santuarios son estaciones transformadoras de energía; lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos"* ¹.

2. LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 649.991 Y: 4.747.169.

Dende unha óptica eclesiástica o santuario está situado na entidade de poboación de Cadoalla, freguesía de San Pedro de Cadoalla, arceprelado de Ferreiros de Balboa, e diocese de Lugo. A nivel civil, este recinto sacro está emprazado no lugar de Cadoalla, parroquia de San Pedro de Cadoalla, concello e municipio de Becerreá, partido xudicial de Becerreá, e provincia de Lugo. Esta freguesía, segundo o I.G.E.² do ano 2019, posúe unha poboación de 55 habitantes, que están distribuídos nas entidades de poboación de Cadoalla, Carballín, Castelo e Saa. O seu ámbito


¹ CHRISTIAN, JR, William A.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

² Instituto Galego de Estadística.

territorial está atravesado pola autovía A-6; pola N-VI (Madrid a Coruña); e por unha estrada local. Antano, a devandita freguesía pertenceu á xurisdicción de Ouselle, na que nomeaban xuíz os Velarde. Nela, é mester sinalar a “Casa-torre” de Cadoalla, que foi da antiga familia dos Erbón, e que na actualidade é de propiedade privada, conservando o seu antigo escudo de armas cos blasóns dos Ribadeneira, Bolaño, e Balboa. Hoxe, esta freguesía está integrada no concello lucense de Becerreá, situado na parte oriental da provincia de Lugo, e distante uns 45 km. da capital provincial. Segundo o I.G.E. do ano 2019 posúe unha poboación de 2818 habitantes, repartidos en 25 parroquias³, que ocupan unha superficie de 173,3 km². Este concello limita ao Norte, cos concellos de Baleira e Navia de Suarna; ao Sur, cos das Nogais e Triacastela; ao Leste, co de Cervantes; e ao W., cos de Baralla e Láncara. Ademais, forma parte da Comarca dos Ancares Lucenses, emprazada ao Leste da provincia de Lugo; a súa capital é Becerreá, que é o concello máis poboado. A ela pertencen tamén os concellos de As Nogais, Baralla, Cervantes, Navia de Suarna, e Pedrafita do Cebreiro. Esta comarca é limítrofe ao W., coas de Lugo e Sarria; ao Sur, coa de Quiroga; ao Leste, coas provincias asturiana e leonesa; ao Sur, coa de Quiroga; e ao Norte, coa de Fonsagrada. Constitue a alta montaña lucense coas comarcas de A Fonsagrada e Quiroga.

³ Agüeira, Armesto, Becerreá, Cadoalla, Cereixal, Cruzul, Ferreiros de Valboa, Fontarón, Furco, Guilfrei, Guillen, Liber, Morcelle, Ouselle, Ousón, Pando, Penamaior, Quinta de Cancelada, Sevane, Tortes, Veiga, Vilachá, Vilaiz, Vilamane, e Vilouta.

III. MAPA DE LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO.⁴



⁴ O mapa foi feito polo delineante José Cancio Fernández.

IV. A DESCRICION ARTÍSTICA DO SANTUARIO.

Este recinto sacro mostra amplas proporcións. Posúe un frontis, que está provisto dunha esvelta torre, adosada aos muros da nave, e que se apoia en catro piares con arcos de medio punto; o seu corpo superior presenta catro vans e está coroado por unha cúpula de pedra.

Este templo dispón de dúas naves: unha nave central, que mostra dous accesos ao recinto baixo a torre, e outro nun lateral, que ten unha porta alintelada sobre a que hai unha fornela e unha fiestra rectangular; e unha nave lateral, que conserva pegadas de capiteis románicos e que está separada da nave central por tres robustos piares, unidos por arcos de medio punto.

A cuberta deste templo é de lousa, e ten unha disposición a dúas augas, prolongándose sobre o lateral sur coa finalidade de que a nave lateral quedase tamén cuberta.

Na parte correspondente ao testeiro hai unha capela sen retablo e con bóveda de canón, que actúa como contraforte da cúpula da nave central. A cúpula, de estrutura octogonal, está sustentada sobre catro vans e posúe unha lanterna con oito ocos.

A nivel iconolóxico, podemos distinguir unha imaxe do Eccehomo sobre unha peana. No lateral esquerdo, hai un retablo barroco, que amosa as imaxes do San Roque, Sta. Apolonia e San Xosé. Tamén, cómpre salientar unha capela lateral coas talles da Virxe do Carme; San Xoán; e San Xosé, do século XVII. Finalmente no flanco esquerdo, e mester sinalar unha pequena capela adicada ao Eccehomo, que mostra moi veneración por parte dos fieis e devotos, que acocen ao longo do ano ⁵.

⁵ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Madrid, 1975, pp. 323-324.
MOURE, Xabier.: Igrexa de San Pedro de Cadoalla. <http://arqueoloxiadossancares.blogspot.com.es/2011/01/lendas-ritosetradiciondacomarca.html>

V. ALGÚNS FEITOS HISTÓRICOS SOBRE O SANTUARIO NOS SÉCULOS XVIII E XIX.

D. Xosé Valcarcel Quiroga, párroco das freguesías de San Xoán de Becerreá e San Pedro de Cadoalla, fundou o santuario do Eccehomo no ano 1.727. Neste ano o devandito crego mercou a imaxe do santo, pagando a metade en misas e a outra metade en diñeiro. *"Para que en lo sucesivo haiga noticia fundamental de la fundación del Santuario del divino Ecce-Homo de Cadoalla, debo decir que D. José Valcarce Quiroga cura párroco dela villa de S. Juan de Becerreá y S. Pedro de Cadoalla en el ano de mil setecientos veinte siete compro la imagen y la pago la mitad en Misas y la otra mitad en dinero físico"*⁶.

No santuario celebrábanse no século XIX catro festividades: a de Sta. Apolonia, a do luns de Pascoa de Resurrección, a do luns de Pentecostés e a do Eccehomo que tiña lugar os días trece, catorce e quince de setembro. Nestas festividades os devotos traían unhas esmolas ao santuario, ben en especie -centeio ou trigo- que logo o administrador vendía, ou ben en diñeiro que os mesmos devotos depositaban nalgúnha das boetas existentes no lugar sagrado. O diñeiro recadado controlábao un maiordomo que tiña que dar conta dos gastos, que se levaban a cabo cada ano no santuario, ao crego encargado do mesmo. *"Primeramente se hace cargo de doscientos ochenta rs. de catorce fanegas de de centeno. De noventa rs. de tres fanegas de trigo... De quinientos setenta y cinco rs. que salieron de limosna y se sacaron del Cepo y cajas de tres llaves... De ochocientos veinte siete rs. que de otra vez se hallaron en el referido cepo y cajas de tres llaves. De mil ciento y quarenta y un rs. que salieron de limosna en los días trece, catorce y quince de setiembre..."*⁷

⁶Arciprestado de Ferreiras de Balboa, Cadoalla, Parroquia de Becerreá. *Libro de Fábrica, nº III-1801-1851*, páx.1.

⁷ *Ibidem*, páx. 25.

Entre os gastos máis correntes do recinto sacro cómpre sinalar: os fogos; a iluminación; a queima da estatua e das rodas o día do Eccehomo; os músicos e sacerdotes, que participaban nas distintas festividades do santuario; o consumo de aceite e cera durante todo o ano; unha paga aos soldados, que viñan evitar os disturbios na romaría do Eccehomo; finalmente, o crego encargado do santuario tiña dereito a percibir, segundo sentenza dada polo tribunal eclesiástico no ano 1.761, a quinta parte das esmolas que tivese o santuario cada ano.

"CARGOS--1827.

Quarenta rs. que se dieron a los soldados que venían pacificar la Romaría.

Doscientos sesenta rs. de Fuegos, iluminación, ruedas y Estatua que se ha quemado el día de la fiesta principal del Santuario.

De setenta y quatro rs. de los gastos de la función el día de Sta.Polonia.

De sesenta y seis rs. de los gastos de Sacerdotes, y más asistentes en la función del Lunes de Pascua de Resurrección.

De ochenta y dos rs. de los gastos de cohetes, sacerdotes y músicos el día de Lunes de Pentecostés.

De la quinta asignada a los Parrocos de D.Pedro de Cadoalla por la administración y cuidado del Santuario.

De setenta y cinco rs. de aceite para la lámpara del Santuario.

***Doscientos setenta rs. de diez y ocho libras de cera menudas para alumbrar por año con alguna otra más que salió de limosna*"⁸.**

Por outra parte, no santuario os ingresos case sempre eran superiores aos gastos que acabamos de sinalar. Estes beneficios foron utilizados polo mordomo para realizar algunhas reparación, que necesitou o recinto sacro no transcurso dos anos.

Así, entre os anos 1790 e 1811 o mordomo mandou abrir un tragaluz ao altar da capela do recinto sacro; reformar as gradas; cambiar a reixa; facer o arco dela; poñer a lámpada e a súa roldana no estado, no que se atopaba; reformar e rozar a pico varios erros, que se atopaban nos arcos e bóvedas de canón; dar cal a toda a capela; engadir o artesoadado, que faltaba enriba da

⁸ *Ibidem*, páx. 26 .

tribuna; reformar a escaleira para dita tribuna; construír a súa varanda e porta; e tamén a escaleira, que sube ao corredor e torre das campás. No ano 1815 mercou un reloxo de sol por trescentos setenta reais, que mandou poñer na torre do santuario. No ano 1816 dispuxo facer o tellado da capela por cento vinte reais. Entre os anos 1819 e 1822, mandou realizar un novo camiño á igrexa polo que tivo que pagar sete mil seiscientos reais. No ano 1825 ordenou construír o pedestal e o retablo do camarín por setecentos nove reais. **"De la construcción del Pedestal y Retablo del camarín setecientos y nueve rs."**⁹ No ano 1829 mandou poñer lousa á capela e ao camarín do santuario por noventa e seis reais. Entre os anos 1830 e 1832 o administrador gastou mil novecentos reais en crebar as penas diante e enriba do santuario para facer máis espazo, de tal xeito que os devotos puideran andar de xeonllos e cumprir as súas promesas. No ano 1834 dispuxo construír por sesenta reais os bastidores e cristais, que pechan a imaxe do Eccehomo no camarín. No ano mil 1836 mandou reparar o lousado da capela maior do santuario por vinte e catro reais, etc.

VI. A PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DOS DEVOTOS.

Os días 14 e 15 de setembro, datas da festividade do Eccehomo, veñen devotos non só do municipio de Becerreá senón tamén doutros municipios da provincia de Lugo, como Baleira, Navia de Suarna, Cervantes, As Nogais, Triacastela, Neira de Xusá, Pedrafita etc. **"Vén xente ofrecida das Nogais, Pedrafita, Baralla, Cervantes, Lugo, e outras zonas próximas ó santuario"**¹⁰.

Por tanto, este santuario traspasa, a nivel de influencia, os límites parroquiais, municipais e comarcais.

VII. AS PETICIÓNS E PROMESAS ADICADAS AO ECCEHOMO.

⁹ *Ibidem*, páx.21.

¹⁰ Informante de Saa (San Pedro de Cadoalla) (Becerreá)

Os devotos en xeral ofrécense por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas que non poden vir ao santuario normalmente por algunha doenza.

Entre as peticións máis importantes, que se levan a cabo neste santuario, distingo as seguintes: doenzas humanas; doenzas de animais, preferentemente gando vacún e porcino.

"La mayoría por lo que les oigo y todo esto es porque tienen a gente enferma o animales incluso, pero más que nada gente enferma".¹¹

Por outra banda, a unidade básica de relación entre a persoa e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste nun contacto directo e sagrado, de forza moral, entre a persoa e Deus usando como mediador ó Eccehomo.

"A promesa vén sendo como un contrato, de forza moral, entre a persoa e o santo, ou Deus a través do santo."¹²

A promesa á divindade reproduce claramente o sistema social vixente, no que polo xeral alguén fai algo a cambio dunha posterior prestación cando chegue o momento oportuno.

"El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es -segundo MARIÑO FERRO- algo universal y fuertemente vinculante"¹³. Deste xeito as persoas aceptan a axuda divina a cambio dunha proba de agradecemento.

A promesa xeralmente é condicional, é dicir, primeiramente o santo concede as peticións dos devotos e logo estes levan a cabo a promesa; trátase dun cumprimento "a posteriori". Este tipo de promesa recibe tamén os nomes de ***"Ofrenda Condicionada"***¹⁴ e de ***"Petición Condicional"***¹⁵. Algúns devotos veñen pregar a intercesión do santo ante un problema determinado. Neste caso os distintos rituais e ofrendas que cumpren os devotos levanse a cabo antes da concesión da petición. Este tipo de promesa recibe tamén os nomes de ***"Ofrenda***

¹¹ Informante de Cadoalla (Becerreá).

¹² MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón.: Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas. ***Estudios Mindonienses, Anuario de Estudios Histórico-Teológicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol***. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, T.2, páx. 247.

¹³ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: ***Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos***, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1.987, páx 272.

¹⁴ GONDAR PORTASANY, Marcial y S.MARTÍN, Javier.: *Racionalidad campesina y Relativismo cultural., Antropología y Racionalidad*, Sálvora, Santiago, 1.980, páx.. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: ***Crítica da Razón Galega, Entre o nós-mesmos e nós-outros, NOS OS GALEGOS***, Vigo, 1993, páx.. 154.

¹⁵ WILLIAM CRISTHIAN, A.Jr.: ***Ob. cit.***, páx. 134

***Propiciatoria*"¹⁶ e "*Devoción Peticionaria*"¹⁷**

Finalmente hai devotos que veñen tódolos anos por algunha petición concedida polo santo noutrora. A este tipo de promesa dáselle tamén o nome de "**Ofrenda de Acción de Gracias**"¹⁸

As promesas máis frecuentes que se levan a cabo neste santuario son as seguintes:

1º. A REALIZACIÓN DOS DISTINTOS RITUAIS ASOCIADOS AO SANTUARIO QUE SEGUNDO O GRADO DE PARTICIPACIÓN DOS DEVOTOS TEÑEN UN CARÁCTER COLECTIVO OU INDIVIDUAL.

1.1. RITUAIS COLECTIVOS.

1.1.1. A NOVENA.

Os días anteriores á festividade ten lugar a novena ao Eccehomo, á que acoden polo xeral fregueses da devandita parroquia e algúns devotos procedentes doutras freguesías próximas.

Entre os actos que se adoitan levar a cabo nesta novena distingo os seguintes:

1º. Rezo do Sto. Rosario e celebración da Sta. Misa.

2º. Lectura de Salmos acerca do Eccehomo.

3º. Oracións para cada día e oracións xerais.

4º. Rogo ao Eccehomo por parte dos devotos.

Para *ROSENDO ALVAREZ GASTON* a celebración da novena presenta algúns elementos que cómpre distinguir: "***Participa en ellas un número notable de fieles, superior al que asiste habitualmente a los normales cultos parroquiales. La motivación de esta asistencia superior***

¹⁶GONDAR PORTASANY, Marcial y S.MARTÍN, Javier.: *Racionalidad campesina y Relativismo cultural., Antropología y Racionalidad*, Sálvora, Santiago, 1.980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da Razón Galega, Entre o nós-mesmos e nós-outros, NOS OS GALEGOS*, Vigo, 1993, páx.. 154.

¹⁷ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Ob. cit.*, páx. 134

¹⁸ GONDAR, Marcial y S. MARTÍN, Javier.: *Ob. cit.*, p. 60.

GONDAR, Marcial.: *Ob. cit.*, p. 155.

*es que se trata de una festividad local, y, por celebrarse una vez al año, no es algo rutinario, sino que despierta interés la solemnidad conque se hacen sus actos. Se despiertan sentimientos, recuerdos, vivencias religiosas arraigadas. Son una oportunidad para revitalizar el culto”*¹⁹.

1.1.2. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

O día catorce celébranse misas toda a mañá e primeiras horas da tarde. Nesta tarefa participan non só o crego, encargado do santuario, senón tamén algúns párrocos das feligresías limítrofes, que tamén adoitan participar na misa concelebrada a primeiras horas da tarde, rematando o día con outra misa, que se celebra as cinco e media da tarde.

O día quince celébranse dúas misas: unha as once da mañá e outra, que é a misa solemne, á unha da tarde.

1.1.3. A PROCESIÓN XERAL.

Ao rematar a misa solemne celébrase a procesión xeral, que percorre o perímetro do santuario. Esta ten como finalidade sacar ao exterior a imaxe do Eccehomo que santifica todo o entorno xeográfico. *"Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico."*²⁰

A distribución dos distintos elementos, que participan nela, realízase do seguinte xeito:

- * A Cruz parroquial levada por un fregués da comunidade parroquial.
- * A imaxe do Eccehomo levada nas andas por catro homes da parroquia.
- * Os cregos concelebrantes.
- * Como remate, os devotos e fieis, colocados sen distinción de idade ou sexo.

¹⁹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C, Madrid, 1981, páx. 7.

²⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Ob. cit.*, páx. 175.

1.2. RITUAIS DE CARÁCTER INDIVIDUAL.

1.2.1. RITUAL DE VIR ANDANDO DESDE O SEU LUGAR DE ORIXE.

Hai anos moitos devotos viñan andando dende o seu lugar de orixe. Este ritual tiña como finalidade levar a cabo un sacrificio á imaxe, á que estaban ofrecidos. Na actualidade, segue habendo algunha influencia deste ritual a nivel parroquial e interparroquial.

1.2.2. RITUAL DE CONTACTO.

O desexo de todo devoto é tomar contacto coas imaxes e demais obxectos sagrados do santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre as prácticas máis habituais de tomar contacto co sagrado, sinalo as seguintes:

*** RITUAL DE POÑER O SANTO.**

Este ritual consiste en que o crego encargado do santuario fai o sinal da cruz por riba da cabeza dos devotos cunha imaxe pequena do Eccehomo. Mentres realiza o ritual pronuncia a seguinte xaculatoria:

“Que Él sea para tí, el camino, la verdad y la vida.”

*** RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.**

Algúns devotos tocan cos seus panos e outros obxectos a imaxe do Eccehomo e, logo, pásanos por algunhas partes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa.

*** RITUAL DE CONTACTO COA PORTA DO SANTUARIO.**

No transcurso do ano, algúns devotos levan da porta de entrada do santuario uns guizos empregándoos nas súas casas como símbolos protectores contra todo aquilo que puidese ocasionar perturbacións. Hai anos os que ían segar a Castela levaban tamén un guizo da porta do santuario para que lles dese protección no camiño.

2º. Á PARTE DOS RITUAIS DESCRITOS OS DEVOTOS LEVAN A CABO OUTRA SERIE DE PROMESAS QUE PASO A SINALAR A CONTINUACIÓN:

2.1. MISAS.

Dúas rapazas da parroquia encárganse de apuntar as misas así como de recoller o seu importe, que é de setecentas pesetas por misa. Calcúlase que entre os dous días da festividade apuntan unhas cento cincuenta misas que o crego do santuario ten que celebrar no transcurso do ano, aínda que moitas delas cédellas a outros cregos para que as celebren.

2.2. OFRENDA EN METÁLICO.

Esta ofrenda lévase a cabo da seguinte maneira:

- * O Poñer o Santo, xa que os devotos despois de poñelo deixan una esmola o poñente.
- * Ofrenda que recolle un fregués no transcurso das misas que se celebran no santuario.
- * Nas petos de esmola que hai no santuario.

2.3. VELAS.

Algúns devotos levan candeas pequenas e grosas que poñen a carón da imaxe do Eccehomo. Estas candeas véndenas dous rapaces da parroquia á porta do santuario.

2.4. FIGURAS DE CERA.

Hai algúns anos os devotos traían figuras de cera que representaban a corpos de animais: vacas, porcos e xatos. Tamén ó corpo humano e algunhas das súas partes: mans, pernas, pés... Na actualidade, aínda que segue habendo algunha influencia deste tipo de ofrenda, o máis normal é que os devotos paguen en diñeiro ás mesmas rapazas, que apuntan as misas, o que valen tanto os animais coma os corpos humanos, segundo o estipulado polo párroco. Así, no ano mil novecentos noventa e dous o valor dun cocho era de cincuenta pesetas; o dunha vaca cen; os corpos humanos tamén valían cen, etc.

"Antes os romeiros traían figuras de cera, como cochos, vacas, corpos humanos; agora en cambio pagan en diñeiro o que valen tanto os animales como os corpos"²¹.

Por outra parte algúns donativos que recibe o santuario nestas datas empréganse en axudar a sufragar os gastos da festa profana, que se celebra preto da igrexa parroquial.

A festa ten un efecto compensatorio despois de que os devotos cumpriron as distintas promesas adicadas ó Eccehomo. ***"En la mayoría de los santuarios la romería acaba en fiesta: es la desacralización, la vuelta al mundo profano después de permanecer por algún tiempo en contacto con lo sagrado. Es una vuelta ruidosa, compensatoria..."***²².

Ademais, é a manifestación da identidade da comunidade, da cohesión como grupo que se mostra fronte a outras comunidades, tentando superalas na organización das súas festas, etc. ***"Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad"***²³. Tamén se usa como elemento de comunicación do grupo comunitario por medio do baile e do xantar. ***"Estes visitantes, mozos, veñen só pola tarde para bailar. Hai que contar igualmente cos outros visitantes, os invitados de cada casa, que veñen xeralmente das outras aldeas da parroquia...; pero ás veces veñen de moi lonxe"***²⁴; ***"... a la fiesta profana, centrada en el baile, asistirán los***

²¹ Informante de Saa.

²² MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: ***Ob. cit.***, páx. 297.

²³ PITT RIVERS, Julián.: "L'identité locale vue à travers la fête", ***Coloquio Hispano-Francés, Culturas Populares, Diferencia, Divergencias, Conflictos***, Universidad Complutense, Madrid, 1986, páx.. 19.

²⁴ MANDIANES CASTRO, M.: ***Antropología dunha parroquia galega. LOURESES***, Galaxia, Vigo, 1984, páx. 120.

invitados de las distintas casas, así como los que, sin ser invitados (sobre todo jóvenes) quieran acudir."²⁵

Na festa prodúcese o paso do cotián a situacións onde a espontaneidade e a diversión poden ter lugar. O baile, o canto e a música desencadenan emocións. *"El símbolo ritual de la fiesta se caracteriza por constituir una polarización de significados que tienden a ser agrupados en dos polos semánticos opuestos: uno el polo ideológico o normativo, por el cual los significados del ritual tienden a referirse a componentes del orden social y moral, y el polo sensorial, relativo a fenómenos y procesos que estimulan deseos y emociones"*²⁶.

VIII. CONSIDERACIÓN FINAIS SOBRE O SANTUARIO DO ECCEHOMO.

Este recinto sacro funciona como igrexa parroquial para os fregueses de Saa, agás nunhas datas determinadas do ano nas que acoden devotos doutras freguesías e, tamén, doutros municipios para pregar da entidade sacra o seu favor. Non obstante, nos últimos anos foise producindo un descenso paseniño de romeiros. A razón principal radica en que o aumento do nivel cultural destas comunidades rurais e os medios de comunicación social constitúen importantes canles para coñecer outras visións relixiosas e seculares do mundo que, sen dúbida, foron reducindo o carácter operativo de certas prácticas rituais. Con todo, dentro dunha mentalidade cristiá, a imaxe de devoción actúa como medidora perante Deus, mais dende unha óptica popular ten un poder inherente a ela mesma. Malia isto os devotos posúen un código comunicativo coa entidade sacras, baseado en signos lingüísticos e actitudes somáticas, que ten como finalidade acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento polo don outorgado. Esta ligazón queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de índole oficialista, como oír misa, ofrecer misas, participar na procesión, dar unha esmola en metálico. Outras, pola contra, de base popular, como calquera ritual de contacto coas imaxes de devoción, ofrecer exvotos etc. Por outra banda, cómpre sinalar que a dimensión sacra transmítese ao exterior por medio da procesión colectiva, logo da misa solemne, que proporciona unha enerxía positiva a todos os seres que se encontran no seu percorrido. Respecto á disposición da procesión **Álvarez Gastón** distingue unha serie de

²⁵ **FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A.:** *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Centro de Investigaciones Sociológicas, S. XXI, Madrid, 1984, páx. 259.

²⁶ **GALVÁN, Alberto.:** "Ritos, fiestas y creencias". *Las Razas Humanas, T. II*, Compañía Internacional, Editora S.A, Barcelona, 1981, p. 170.

trazos: trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos senón tamén polos números espectadores; no interior da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses; ademais, neste ritual é mester reparar nas imaxes, no xeito de levalas, no pobo que toma parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos e mesmo no silencio. Ademais, hai que sinalar que neste santuario hai devotos que antes de entraren en contacto coa entidade sacra se purifican realizando actos penitenciais propiciadores da graza divina, como vir camiñando dende o seu lugar de orixe. O camiñar constitúe a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal.

Así mesmo, cómpre advertir que a celebración relixiosa complementase -como vimos- cunha dimensión laica ou profana na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer; mercan produtos de diferente índole, entre os que hai que salientar as rosquillas; e atenden, nas casas de seu, aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo para bailar unhas pezas.

IX. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C, Madrid, 1981, páx. 7.

ARCIPRESTADO DE FERREIRAS DE BALBOA, CADOALLA, PARROQUIA DE BECERREÁ. *LIBRO DE FÁBRICA, Nº III-1801-1851*.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Centro de Investigaciones Sociológicas, S. XXI, Madrid, 1984.

GALVÁN, Alberto.: "Ritos, fiestas y creencias". *Las Razas Humanas, T. II*, Compañía Internacional, Editora S.A, Barcelona, 1981.

GONDAR PORTASANY, Marcial y S. MARTÍN, Javier.: *Racionalidad campesina y Relativismo cultural.*, *Antropología y Racionalidad*, Sálvora, Santiago, 1980

GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da Razón Galega, Entre o nós-mesmos e nós-outros, NÓS OS GALEGOS*, Vigo, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1997.

MANDIANES CASTRO, M.: *Antropoloxía dunha parroquia galega. LOURESES*, Galaxia, Vigo, 1984.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Ed. Xerais

de Galicia, Vigo, 1.987.

MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón.: Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas. ***Estudios Mindonienses, Anuario de Estudios Histórico-Teológicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol***. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, T. 2.

MOURE, Xabier.: Igrexa de San Pedro de Cadoalla. [http: arqueoloxiadosancares.blogspot.com.es/2011/01/lendas-ritos-e-tradicion-da-comarca.html](http://arqueoloxiadosancares.blogspot.com.es/2011/01/lendas-ritos-e-tradicion-da-comarca.html).

PITT RIVERS, Julián.: "L'identité locale vue à travers la fête", ***Coloquio Hispano-Francés, Culturas Populares, Diferencia, Divergencias, Conflictos***, Universidad Complutense, Madrid, 1986.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: ***Inventario Artístico de Lugo y su Provincia***. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Madrid, 1975, pp. 323-324 .


X. ILUSTRACIÓNS



O SANTUARIO DO ECCEHOMO. SAA (SAN PEDRO DE CADOALLA) (BECERREÁ). PARTE POSTERIOR.



O SANTUARIO DO ECCEHOMO. TORRE E ACCESOS.



EXVOTOS DE CERA. FIGURAS HUMANAS E DE ANIMAIS NUNHA DAS CAPELIÑAS.




ALTAR CENTRAL PRESIDIDO POLO ECCEHOMO



RITUAL DA PROCESIÓN.



CAPELIÑA DO ECCEHOMO



RITUAL PROCESIONAL



RITUAL DE POÑER O SANTO



RITUAL DE CONTACTO



RITUAL DOS GUIZOS DA PORTA DO SANTUARIO

